

28. SET. 05 0377

O dezasete de xuño de dous mil cinco, o reitor asina un Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de A Coruña e a Universidade de Vigo, que segundo establece a súa cláusula Primeira o seu obxectivo é continuar co recoñecemento, con carácter experimental, da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional específica e materias dos estudos universitarios de primeiro ciclo que se imparten nas universidades galegas.

Os estudos implicados nesta experiencia de recoñecemento son os que neste mesmo convenio figuran no Anexo ó mesmo (cláusula segunda). Revisado o Anexo ó convenio téñense atopado erros materiais que deben ser subsanados xa que afectan ós alumnos que pretendan matricularse nestas titulacións, polo que este reitorado Resolve,

Primeiro.- En aplicación do artigo 105.2 da Lei 30/92 do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, rectificar de oficio os erros materiais existentes neste convenio e que son os que a seguir se indican:

Os Ciclos de grao superior que dan acceso as titulacións de Diplomatura en Enfermería de Santiago e de Enfermería de Lugo, e mais os que dan acceso ás titulacións de Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Explotacións Agropecuarias; Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Hortofruticultura e Xardinaría; Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias; Enxeñaría Técnica Agrícola, especialidade en Mecanización e Construcións rurais; Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, especialidade en Transporte e Servizos urbanos; Enxeñaría Técnica en Topografía; Titulación de Enxeñaría Técnica Forestal, especialidade en Explotacións Forestais; Enxeñaría Técnica Industrial, especialidade en Química Industrial deberá **corrixirse materias validadas Libre configuración de xeito que " ... onde di 20,5 créditos debe dicir 22,5 créditos"**

Segundo .- A Universidade xunto coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederán a corrixir os erros detectados no Anexo ó Convenio, non obstante, mentres se tramita esta corrección, os centros e unidades administrativas afectadas pola execución do Convenio deberán aplicar esta resolución.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2005

O REITOR



Senén Barro Ameneiro

Sr. Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, Secretario Xeral, Secretario Xeral Adxunto; Director da Escola Politécnica Superior; Decano da Facultade de Ciencias; Director/a da Escola Universitaria de Enfermería; Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Director do COIE; Xefes/a das Unidades de Xestión Académica.